



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

ACTA NÚMERO 1 DA SESIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO DE SELECCIÓN POR CONCURSO – OPOSICIÓN DUNHA BOLSA DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS EN RÉXIME DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO

Lugar: Salón de Plenos - Concello da Baña

Sesión número 1

Tipo de sesión: extraordinaria.

Data: 22/10/2025

Hora de comezo: 9,00 horas.

Hora de remate: 15:30 horas.

ASISTENTES:

- Dona María Cristina Pereira Ulla, técnica de Formación do Concello de Santa Comba, en calidade de Presidenta.
- Dona María Magdalena Ordóñez Villar, administrativa do Concello de Santa Comba, en calidade de secretaria.
- Dona Manuela Sofía Abelenda Antelo, técnica contable do Concello da Baña, en calidade de Vogal.
- Dona Elena Buendía Pérez, administrativa do Concello de Negreira, en calidade de Vogal.
- Dona María José Iglesias Domínguez, auxiliar administrativa do Concello de Val do Dubra, en calidade de Vogal.

Dona Maria Eugenia Moral Piñeiro, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello da Baña, en calidade de asesora técnica.

ORDE DO DÍA

1. Constitución do tribunal cualificador.
2. Estudo e coñecemento das Bases do proceso selectivo.
3. O calendario de actuacións das probas selectivas.
4. Proposta dun cuestionario do primeiro exercicio: proba coñecemento da lingua galega.
5. Proposta dun cuestionario da primeira proba: cuestionario tipo test.
6. Proposta dun cuestionario da segunda proba: suposto práctico.
7. Baremación currículos candidatos/as

Na data e na hora indicadas arriba, reunidas as asistentes como tribunal cualificador do proceso de selección por concurso – oposición dunha bolsa de auxiliares administrativos en réxime de persoal funcionario interino, a Secretaria comproba que existe o quorum suficiente que establecen as bases de selección que rexen neste proceso selectivo.



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

Ábrese a sesión, seguindo a Orde do día da convocatoria, na que se delibera e acorda sobre os asuntos indicados arriba.

ACORDOS

O Tribunal cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1. Constitución do tribunal cualificador.

Constituír o tribunal cualificador como órgano selectivo do proceso e as probas de selección por concurso-oposición dunha bolsa de auxiliares administrativos en réxime de persoal funcionario interino.

Os membros do tribunal manifestan que non se achan incursos en ningunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 410/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nin realizaron tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos 5 anos anteriores a publicarse a convocatoria.

Os exercicios da oposición son obrigatorios e eliminatorios.

A presidenta advirte a todos os membros do tribunal da obriga á que se atopan sometidos de gardar o máximo sigilo profesional respecto do proceso selectivo, por estar expresamente prohibido divulgar o resultado, puntuacións, ou calquera outro dato relativo aos exercicios e cualificacións antes da súa publicación oficial, así como proporcionar información a calquera persoa, organización ou entidade sobre o contido dos exercicios, proposta presentadas para a súa elaboración e, en xeral, todo o referente a preparación e organización das diferentes probas de que conste o concurso-oposición.

Das sesións celebradas polo tribunal redactarase a acta correspondente que, para os efectos dunha maior eficiencia e eficacia, serán asinadas pola secretaria co visto e prace da presidenta.

2. Estudo e coñecemento das Bases do proceso selectivo.

O Tribunal cualificador, por unanimidade, ACORDA:

1 A toma de coñecemento das bases do proceso selectivo.

2 Aprobar os criterios aos que deberán axustarse as propostas dos membros do tribunal, determinando a súa distribución por áreas temáticas, tomando en consideración, en todo caso, o disposto ao respecto nas bases da convocatoria.

3 Os exames realizaranse por un sistema que permita que a proba sexa avaliada sen coñecer a identidade do persoal aspirante.

3. A revisión do calendario de actuacións das probas selectivas.

O Tribunal cualificador, por unanimidade, ACORDA:



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

- a) revisar o calendario das actuacións das probas selectivas
- b) o emprazamento de todos os membros do tribunal para o vindeiro luns 27 de outubro de 2025

4. Proposta dun cuestionario do primeiro exercicio: proba coñecemento da lingua galega.

O Tribunal cualificador, por unanimidade, ACORDA

Realizar unha proba escrita de tradución dun texto ao galego.

5. Proposta dun cuestionario da primeira proba: cuestionario tipo test.

O Tribunal cualificador, por unanimidade, ACORDA

Realizar varias propostas que deben ser tipo test con 4 respostas alternativas, contando tamén as cinco preguntas de reserva.

6. Proposta dun cuestionario da segunda proba: suposto práctico.

O Tribunal cualificador, por unanimidade, ACORDA

Realizar varias propostas que deben ser tipo pregunta curta que versarán sobre algunha das materias do temario e relacionadas directamente coas funcións encomendadas con carácter habitual ao persoal auxiliar administrativo, segundo as funcións encomendadas e descritas nas bases.

7. Baremación currículos candidatos/as

O tribunal cualificador acorda proceder á baremación de currículos do persoal candidato.

Sen máis asuntos que tratar, a Presidenta remata a sesión e eu redacto esta acta como Secretaria.

A PRESIDENTA

Maria Cristina Pereira Ulla

A SECRETARIA

María Magdalena Ordóñez Villar

